

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE MAIO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de maio de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de maio de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Dona MARÍA JESÚS DIÉGUEZ DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Paredes, parroquia de Santa Mariña de Pescoso, solicita con data 11 de abril de 2024 (RE-E núm. 193) unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de AMPLIACIÓN DE

EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de de Paredes, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 13 de outubro de 2023, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 21/05/24, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 13 de outubro de 2024.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2023-2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Mellora de camiño rural en Vistuíde (San Cristovo do Az) – Fase II”, incluída no Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, por importe de SESENTA E DOUS MIL CENTO SESENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (62.164,96 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L., por un importe de 62.164,96 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 240062 (FACe), de data 27/05/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL E LIQUIDACIÓN, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2023-2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación final e liquidación correspondente á obra de “Mellora de camiño rural en Vistuíde (San Cristovo do Az) – Fase II”, incluída no Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, por importe de TRES MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (3.816,80 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L., por un importe de 3.816,80 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 240063 (FACe), de data 27/05/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 29 de maio de 2024, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra emitido pola dirección facultativa en data 24/05/24.

Sexto.- Aprobar o informe sobre a execución de melloras emitido pola dirección facultativa en data 24/05/24.

5.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024 – ANUALIDADE DE 2024

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por Resolución de data 26/07/23, por importe total de 83.534,00 €, ao abeiro da Resolución do 28 de febreiro de 2023 para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 44, do

03/03/23), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos correspondentes á anualidade de 2024.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida (anualidade 2024): 54.539,35 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	240062	27/05/2024	29/05/2024	62.164,96 €
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	240063	27/05/2024	29/05/2024	3.816,80 €

- Cantidade xustificada: 65.981,76 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

6.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN ESCUDERÍA LALÍN-DEZA PARA GASTOS DA ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “XXVIII RALI DO COCIDO”

ANTECEDENTES

1º.- A Asociación Escudería Lalín-Deza, con domicilio social en Lalín, organizou os pasados días 5 e 6 de abril do corrente a proba do Campionato de Rallyes de Galicia 2024, denominada “XXVIII RALI DO COCIDO”.

2º.- A proba percorreu parcialmente estradas deste Concello pertencentes ás parroquias de Rodeiro, Río, A Portela e Santa Mariña de Pescoso, e motivou a asistencia de numeroso público, o que contribuíu á promoción turística do municipio, así como ao fomento da actividade económica en sectores como a hostalaría e os servizos en xeral.

3º.- O concelleiro-delegado de Deportes emite con esta data unha memoria xustificativa das razóns de interese público e económico que xustifican a concesión dunha subvención de carácter directo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) establece como procedemento ordinario de concesión de subvencións o réxime de concorrencia competitiva. Porén, autoriza a concesión de subvencións de forma directa en determinados supostos nela establecidos.

Segundo.- Entre os supostos de concesión directa, o artigo 19.4, apartado c), da LSG establece textualmente: *“Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública”*.

Terceiro.- Segundo o disposto no artigo 26 da LSG a concesión directa deberá canalizarse a través da sinatura dun convenio.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Conceder á Asociación Escudería Lalín-Deza, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín, unha subvención directa por importe de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para os gastos de organización da proba deportiva denominada “XXVIII RALI DO COCIDO”.

Segundo.- Autorizar a subscrición do correspondente convenio co contido mínimo esixido no artigo 26.2 da LSG.

Terceiro.- Facultar expresamente ao concelleiro-delegado de Deportes Don Alberte Lamazares Casero para que, na representación do Concello, asine o preceptivo convenio.

7.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA VERÁN 2024” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia verán 2024*”, que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de verán. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexeráse polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o día 25 de xuño ata o día 10 de setembro (ambos incluídos), de luns a venres, agás días festivos. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do período non lectivo de verán, tendo en conta que o día 24 de xuño é festivo de carácter local.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 08:30 a 14:30 horas nunha aula do Centro Público Integrado (CPI) de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello, xa sexa electronicamente ou presencialmente. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando especificamente as datas nas que solicita acudir á actividade. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade establécese entre os días 3 e 19 de xuño de 2024 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 45 prazas por día de actividade.

- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos en situación de desemprego de longa duración, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda, e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitudes ordenadas de menor a maior renda.
- ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos/as.

8.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS E PERMISO LABORAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa María Beleda Presas, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce das vacacións anuais, así como dun permiso laboral, durante o vindeiro mes de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade.

O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ EVA LOSADA BARREIRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 7 e 28 de xuño do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Dolores Vence Hermida

VISTA a instancia presentada por Dona DOLORES VENCE HERMIDA, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos (RE-E núm. 226, do 24/04/24), pola que solicita autorización municipal para a instalación por camiños de titularidade municipal dunha canle de saneamento para a canalización de augas residuais, así como varios pozos ou arquetas de rexistro, dende a vivenda da súa propiedade sita no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, ata unha fosa séptica que pretende instalar nunha parcela da súa titularidade. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte da solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa da solicitante.

10.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 24 de maio de 2024 o Xulgado do Social núm. 1 de Pontevedra ditou sentenza, en autos de procedemento ordinario núm. 0000184/2023, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: “*Que, desestimando la demanda de D^a RBV contra el CONCELLO DE RODEIRO, debo absolver y absuelvo al demandado*”.

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de suplicación ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 265,21 €
Por subministro de cartuchos de tinta para impresoras, s/factura núm. 24A/682 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 715,53 €
Por taxa de publicación de anuncio no Diario Oficial de Galicia, s/autoliquidación.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 6.580,07 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de abril de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 2.967,49 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de abril de 2024, s/recibos.
- E.S. ATENEO S.L. 982,08 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2024/FD/000619 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 69,39 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/factura núm. TA7AF0000993 (FACe).
- CITANIA ARQUEOLOXÍA S.L. 2.105,40 €
Por traballos de sondaxe e control arqueolóxico de obra no punto limpo de Rodeiro, s/factura núm. 2024-21 (FACe).
- INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD S.L. 1.034,55 €
Honorarios por control de calidade de obra incluída no Plan Marco 2023-2024, s/factura núm. 2024.A.203.
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 2.877,38 € E 533,61 €
Por subministro de canles de abastecemento e saneamento para obras municipais, s/facturas núm. 24-LAL/1541 e 24-LAL/1542 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 86,68 €
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20241473 (FACe).
- ANCARIA S.L. 16.831,71 €
Por subministro de contedores para o punto limpo, s/factura núm. 1474 (FACe).
- CHARLATANA S. COOP. GALEGA 605,00 €
Por representación do espectáculo “*Consertasso na Horta*” dentro do programa “*Ler conta moito*”, s/factura núm. FV/95 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 417,45 €, 5.445,00 € E 3.630,00 €
Por transporte de material de construción para obras municipais, s/facturas núm. 10/2024, 11/2024 e 12/2024.
- VIRULÉ RODEIRO S.L. 2.879,80 €
Por transporte de material de construción para obras municipais, s/factura núm. 65 (FACe).
- TRANSPORTES ELOY JORGE S.L. 1.028,50 €
Por transporte de material de construción para obras municipais, s/factura núm. T-041.
- O RODO S. COOP. GALEGA 572,00 €
Por traballos de desbroce de estradas municipais, s/factura núm. 312968.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)